

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 6 DE XUÑO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Oza dos Ríos e Cesuras e se constitúe o municipio de Oza-Cesuras.
- Decreto polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 12 de xuño de 2013 nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortelgal.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Transporte Marítimo e Pesca de Altura.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de seis millóns cento noventa e dous mil cincocentos noventa e dous euros con corenta e tres céntimos (6.192.592,43 euros) da obra de conexión do porto seco de Monforte de Lemos coas estradas LU-933 e CN-120. Treito: porto seco-LU-933.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado da convocatoria do programa do Igape de bolsas de formación en promoción exterior, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2007-2013, a superación das porcentaxes e a eximente de constitución de garantías nos pagamentos á conta e nos pagamentos anticipados, por importe dun máximo dun millón trescentos seis mil catrocentos trinta e cinco euros con corenta céntimos (1.306.435,40 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación dun expediente de gasto consistente na contratación da xestión do servizo público, na modalidade de concerto, para a reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial e diúrna terapéutica-ocupacional, para persoas con discapacidade intelectual, coa entidade Compañía das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl, na área urbana de Lugo, polo procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, expediente: PN 56/2013. O importe do orzamento de licitación é de trescentos cincuenta e seis mil seiscentos once euros con vinte e un céntimos (356.611,21 euros) e o valor estimado ascende a cinco millóns oitocentos tres mil oitocentos euros (5.803.800,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión á empresa pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), para a execución de traballos preventivos cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2007-2013 e do servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña do ano 2013, por un importe total de cinco millóns cento catro mil cincuenta e cinco euros con corenta céntimos (5.104.055,40 euros).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de 8 avións con destino á prevención e defensa contra os incendios forestais e á prevención, vixilancia e coordinación durante os anos 2013, 2014 e 2015, por un orzamento de licitación de tres millóns oitenta e sete mil seiscentos dezaioito euros (3.087.618,00 euros) e un valor estimado de sete millóns cincocentos doce mil novecentos noventa e seis euros (7.512.996,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións ao comercio de proximidade para a incorporación das tecnoloxías da información (TIC) e fomento do comercio electrónico.
- Informe sobre as bases reguladoras das axudas do Igape ao programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia (Programa Innoempresa).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre actividade asistencial no Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a adxudicación do servizo de mantemento integral de equipamento electromecánico e outro equipamento nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DA FUSIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE OZA E CESURAS

- *O novo municipio denominarase Oza-Cesuras*
- *Os dous concellos sitúanse á cabeza de toda España en integración municipal*

O Consello da Xunta, na reunión semanal, aprobou hoxe a fusión voluntaria dos concellos de Oza e Cesuras logo de que recibise informe favorable do Consello Consultivo a pasada semana, o que supón un dos pasos definitivos no proceso iniciado por estes dous municipios coruñeses, que se sitúan así á cabeza de toda España en integración municipal.

O decreto regula a fusión voluntaria dos municipios de Oza dos Ríos e Cesuras, que se unen para dar lugar a un novo municipio. Desaparecen os dous municipios fusionados e nace o municipio que se denominará Oza-Cesuras, cuxa capitalidade radicarán no núcleo de Oza.

O Goberno galego foi o primeiro en abrir o debate sobre a necesidade de estimular a cooperación municipal e xa desde a pasada lexislatura está a apostar por diversas fórmulas de colaboración municipal, animando os concellos a que mancomunen os seus servizos e a que cooperen entre eles.

Ambos os concellos consideran que desta fusión derivarán importantes vantaxes en canto á prestación de servizos, xa que, segundo cren os concellos, o novo municipio, xurdido da fusión estará en disposición de garantir unha prestación de servizos máis eficaz e eficiente sen mingua da calidade da democracia local para o que contará tamén co amparo da Deputación da Coruña.

O expediente iniciouse, con carácter voluntario, polos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras, que someteron o proxecto e a documentación da unión voluntaria a información pública e participación cidadá por un prazo de vinte días hábiles, con carácter previo e independente ao inicio do procedemento de fusión. A seguir, tanto a Deputación de A Coruña como a a Comisión Galega de Delimitación Territorial emitiron informe favorable da unión de ambos os concellos, que foi tamén aprobado polo Consello Consultivo de Galicia o pasado día 29 de maio.

A Xunta dará traslado deste decreto á Administración do Estado segundo a Lei reguladora das bases de réxime local, e a resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial* da provincia correspondente e no *Boletín Oficial del Estado*.

A Xunta seguirá apoiando os concellos que aposten pola cooperación, como xa o fixo priorizando todas as liñas de axuda aos municipios que cooperen entre si, priorizando as infraestruturas do benestar aos concellos que cooperen entre si, instaurando un

recoñecemento por parte do Goberno galego a aqueles concellos que presenten proxectos de cooperación e os poñan en marcha, e aprobando un convenio para que os concellos poidan cooperar sen necesidade de establecer ningún mecanismo administrativo intermedio que veña incrementar o aparato burocrático das entidades locais.

A XUNTA DECRETA OS SERVIZO MÍNIMOS ESENCIAIS DURANTE A FOLGA DO VINDEIRO 12 DE XUÑO NAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que dita as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o vindeiro mércores día 12 de xuño de 2013 , que afectará a todas as actividades desempeñadas polos traballadores de empresas privadas e empregados do sector público, no ámbito territorial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

A folga, que se desenvolverá entre as 0:00 horas e as 24:00 horas do vindeiro mércores, está convocada pola Confederación Intersindical Galega (CIG), Comisións Obreiras (CCOO), Unión General de Traballadores (UGT) e Unión Sindical de Traballadores de Galicia (USTG).

Ante esta convocatoria e ante a necesaria conciliación entre o exercicio ao dereito de folga e o mantemento dos servizos esenciais, a Administración autonómica fixou hoxe uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que figuran no decreto.

Os criterios determinantes para a fixación dos servizos mínimos establecidos neste decreto tiveron en conta os distintos pronunciamentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación cos decretos 87/2010, do 3 de xuño; 151/2010, do 23 de setembro; 2/2011, do 23 de xaneiro, e 214/2012, do 8 de novembro, sobre servizos esenciais nas xornadas das anteriores folgas do 8 de xuño de 2010, do 29 de setembro de 2010, do 27 de xaneiro de 2011 e do 14 de novembro de 2012, respectivamente.

CULTURA E EDUCACIÓN MODERNIZA O TÍTULO DE TÉCNICO SUPERIOR EN TRANSPORTE MARÍTIMO E PESCA DE ALTURA PARA ADAPTALO ÁS NOVAS NECESIDADES DO SECTOR

▪ *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao novo currículo destas ensinanzas*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria someteu hoxe á aprobación do Consello da Xunta o novo currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Transporte Marítimo e Pesca de Altura, que vén modernizar a anterior titulación de técnico superior en Navegación, Pesca e Transporte Marítimo, adaptándoo ás novas necesidades do sector. Tras o visto e praxe da reunión semanal do Goberno galego, este é o 66º currículo de formación profesional que a consellería adapta aos requirimentos da Lei das cualificacións profesionais, así como ao contexto do tecido socioproductivo galego.

As persoas que cursen este ciclo acadarán competencias para planificar, xestionar e executar as actividades de buques, tales como a dirección e control da seguridade, a navegación, as manobras, as operacións de carga, estiba e descarga, así como a extracción, a manipulación, o procesamento e conservación da pesca, optimizando a produción e cumprindo a normativa nacional e internacional.

Oportunidades no sector

Os titulados neste ciclo poderán exercer o seu labor profesional en buques dedicados ao transporte marítimo de carga e/ou pasaxe, ou en buques pesqueiros, de natureza pública ou privada. Así mesmo, a súa formación permítelles a estas persoas desempeñar funcións do seu nivel desembarcadas, en empresas e entidades pertencentes ao sector marítimo-pesqueiro. Entre outros, poderán ocupar postos no sector de patrón ou patroa de embarcacións de altura, grande altura, buques de pesca, buques mercantes de carga e de pasaxe, e iates de grande eslora; primeiro oficial de ponte, oficial encargado da garda ou do mando de embarcacións dedicadas a vixilancia fiscal, inspección pesqueira, investigación oceanográfica, seguridade e salvamento marítimo; inspector ou inspectora de frota, axente de consignatarias e de seguros marítimos; ou tarefas de supervisión de montaxe de artes e aparellos de pesca.

Cómpre sinalar que a extensión da costa española, con 7.880 quilómetros de litoral, e o importante número de unidades da frota de pesca, mercante, deportiva ou de servizos auxiliares que navegan baixo pavillón español, ofrecen un amplo abano de postos de traballo neste sector, tanto a bordo como en terra, en empresas e institucións relacionadas coa explotación de servizos ou recursos marítimos, tales como navieiras, consignatarias, aseguradoras, lonxas e servizos de inspección. Ademais, o novo enfoque do currículo permitirá que os titulados neste ciclo poidan desenvolver as súas funcións en buques doutros pavillóns acordes coas establecidas nos convenios internacionais STCW 78/95-97 e STCW-f 95 (em. 97/98/2000) e as súas normas de aplicación.

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONEXIÓN DO PORTO SECO DE MONFORTE DE LEMOS COA ESTRADA LU-933

- *Actualmente estase a rematar a primeira fase da plataforma loxística de Monforte de Lemos, que abarca unha superficie de 145.745 m²*
- *Esta infraestrutura permitirá absorber o tráfico xerado pola posta en funcionamento da futura área loxística e intermodal do porto seco de Monforte*
- *O proxecto prevé a construción dunha nov vía duns 2 km que conecta o porto seco coa LU-933 mediante dúas glorieta das mesmas características*
- *O porto seco de Monforte de Lemos é unha área de actividade loxística relacionada coa intemodalidade estrada-ferrocarril*
- *Hoxe en día, os traballos da primeira fase están executados nun 87,37%, e as partidas pendentes son a pavimentación, canalización do Arroxo, luz pública e sinalización*
- *O obxecto do Goberno autonómico é fomentar a inclusión do porto seco de Monforte como nó loxístico dentro da rede básica de transportes de mercadorías da Unión Europea*

O Consello da Xunta autoriza na súa reunión de hoxe o gasto destinado para a obra da conexión do porto seco de Monforte de Lemos coa estrada LU-933 (Monforte de Lemos – límite da provincia de Ourense).

Esta conexión permitirá absorber o tráfico xerado pola posta en funcionamento da futura área loxística e de intercambio de mercadorías do porto seco e constituirá a súa principal vía de unión coa Meseta e o sur de Galicia.

A Xunta de Galicia destinará 6.192.592,43 euros para o desenvolvemento da obra, que está cofinanciada nun 80% con Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e executarase nun prazo de 18 meses.

A actuación consiste na construción dunha estrada de aproximadamente 2 quilómetros de lonxitude, con dous carrís de 3,5 metros de largo, e beiravías de 2,5 metros. O enlace coa estrada LU-933 resólvese por medio dunha glorieta ampla de dous carrís de 4 metros de largo e beiravías de 1 metro. No punto quilométrico 0+520 proxéctase outra glorieta das mesmas características e dimensións, na cal a vía cambia de dirección, de oeste-leste a norte-sur, para dirixirse cara ao sur en dirección á estrada autonómica.

O treito obxecto desta actuación conta con catro viadutos, tres sobre vías existentes, que coinciden cos pqs 2+265, 2+477, 2+634, e outro sobre o regato Rioseco no pq 2+940, ademais dun paso superior sobre o pq 3+182.

Nunha segunda fase está previsto executar un treito de estrada, de aproximadamente 1 km de lonxitude, entre a LU-933 e a estrada N-120, que conectará directamente o porto seco coa citada estrada nacional.

Porto seco


O porto seco de Monforte de Lemos é unha área de actividades loxísticas relacionadas coa intemodalidade estrada-ferrocarril.


A totalidade do proxecto sumará unha superficie de 307.053 m², e o investimento total, unha vez completadas todas as fases, será de 14.008.831,87 euros.

Na actualidade, a Consellería de Medio Ambiente está a executar as obras da primeira fase deste proxecto de urbanización, que suporá urbanizar unha superficie total de 145.745 m² distribuídos da seguinte forma: solo empresarial, 53.993 m²; equipamento, 19.380 m²; zona verde, 23.775 m²; plataforma intermodal, 2.872 m²; e vías e aparcadoiros, 45.725 m².

Hoxe en día os traballos desta primeira fase do proxecto, que foron aprobados no ano 2010, están executados nun 87,37%, e as partidas pendentes son as correspondentes a pavimentación, canalización do Arroxo, luz pública e sinalización.

Desde o Goberno galego o Concello de Monforte de Lemos conta co total apoio para que se culmine con éxito a inclusión do porto seco como nó loxístico dentro da rede básica de transportes de mercadorías da Unión Europea. Este proxecto traducirase nun logro histórico para Monforte de Lemos, unha oportunidade para esta localidade e, para a Comunidade galega.





A XUNTA IMPULSA A FORMACIÓN DE ESPECIALISTAS EN INTERNACIONALIZACIÓN CUN NOVO PROGRAMA DE BOLSAS DOTADO CON MÁIS DE 1,1 MILLÓNS

- *A liña promovida por Economía e Industria duplica o orzamento con respecto á anterior convocatoria, facilitando a formación práctica en promoción exterior dos novos titulados*
- *O programa mellora a capacitación dos mozos galegos e permite seleccionar 20 bolseiros menores de 30 anos que prestarán servizo en destino ás empresas galegas nos principais mercados*

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola internacionalización do tecido empresarial como un dos piares do crecemento económico, aposta pola formación de especialistas en comercio exterior co obxectivo de contribuír á expansión noutros mercados das empresas galegas. Neste sentido, a Consellería de Economía e Industria destina máis de 1,1 millóns de euros a un novo programa de bolsas de formación en promoción exterior que capacitará os mozos galegos nos ámbitos de expansión exterior das empresas.

A liña, cuxa convocatoria foi autorizada hoxe polo Consello da Xunta, duplica o seu orzamento con respecto á anterior edición, o que posibilitará tanto un incremento no número de bolseiros ata chegar aos 20, como a oportunidade de que estes prolonguen a súa estadía no estranxeiro desde os 12 meses previstos inicialmente ata os 24.

Todos os beneficiarios serán mozos de ata 30 anos con formación teórica en comercio exterior, xa sexa a través dalgunha titulación universitaria ou mediante a correspondente formación profesional.

Con este programa, cuxa convocatoria se fará pública a través do *Diario Oficial de Galicia*, ofreceráselles aos novos titulados a oportunidade de recibir formación práctica neste ámbito. Así, colaborarán na internacionalización das empresas galegas e na captación de investimentos cara a Galicia, prestando servizos en destino desde os principais mercados de interese.

Mediante esta liña, a Consellería de Economía e Industria avanza no impulso á internacionalización do tecido empresarial galego como un dos eixes estratéxicos da política económica da Xunta. Non en van, desde a posta en marcha do programa xa se formaron máis de 200 especialistas en Comercio Exterior, que contan cunha valoración moi positiva por parte das empresas galegas.

A través do Igape, a Xunta de Galicia está a dar resposta integral ás necesidades dos empresarios galegos en cada unha das etapas que cómpre seguir no ámbito da internacionalización; desde o coñecemento dos mercados e a valoración de oportunidades ata a toma de decisións de implantación en mercados exteriores, con

servizos tanto en orixe como en destino e coas axudas e apoios financeiros para cada fase da internacionalización.

BENESTAR INVISTE 300.000 EUROS EN LUGO NO CONCERTO DE 20 PRAZAS DE ATENCIÓN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

- *A Consellería de Traballo e Benestar destinará esta axuda á Compañía das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta actuación, que suporá manter estas prazas públicas para atención residencial e diúrna*
- *Galicia conta na actualidade con 4.900 prazas de atención á discapacidade, das cales 586 foron creadas na lexislatura anterior*
- *O Goberno galego dedicará en 2013 ao eido da discapacidade, tanto no ámbito laboral como social, 82 millóns de euros*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará máis de 300.000 euros no concerto dun total de 20 prazas públicas para atención residencial e diúrna de persoas con discapacidade intelectual na cidade de Lugo. O departamento autonómico investirá esta axuda na Compañía das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta actuación, que supón ofrecer ao colectivo da discapacidade unha atención integral a aquelas persoas que precisen dunha atención que potencie as súas habilidades facilitándolles unha maior integración sociolaboral. En concreto, concertarase con esta entidade 16 prazas de atención residencial terapéutica-ocupacional e 4 de atención diúrna terapéutica-ocupacional.

Este investimento inscríbese na aposta da Xunta de Galicia pola atención á discapacidade. Galicia conta na actualidade con 4.900 prazas de atención neste eido, das cales 586 foron creados na lexislatura anterior, o que supuxo un aumento do 13,5 por cento con respecto á oferta que había nese momento.

Así mesmo, é preciso salientar que este ano o Goberno galego investirá máis de 82 millóns de euros no eido social e laboral da discapacidade. En programas de apoio ao emprego serán ao redor de 17 millóns de euros, e no eido social dedicaranse máis de 66 millóns de euros á atención social á discapacidade, unha cifra que inclúe mantemento de prazas públicas, concerto de prazas, transporte adaptado ou apoio a entidades. Neste sentido, cómpre lembrar que a Consellería de Traballo e Benestar blindará o financiamento destinado ao mantemento das entidades con discapacidade.

Entre outras medidas que está levando a cabo o Goberno galego de cara a mellorar a calidade de vida deste colectivo, cabe destacar tamén a elaboración do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, e o traballo na mellora da normativa, grazas ao cal se levará ao Parlamento unha modificación da Lei de accesibilidade.

A XUNTA CONTRATA 125 BRIGADAS DA EMPRESA SEAGA PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

- *Esta contratación faise como reforzo ao dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais durante a campaña de alto risco de lumes*
- *Tamén se fai efectiva a dotación dun servizo de oito avións durante os anos 2013, 2014 e 2015*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a encomenda de xestión da Consellería do Medio Rural e do Mar para a execución de traballos preventivos cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña do ano 2013. O orzamento de licitación da encomenda é de 5,1 millóns de euros.

Durante a época de alto risco (que comprende os meses de xullo, agosto e setembro) serán 125 as brigadas contratadas da empresa pública Seaga que actuarán de reforzo ao dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, é dicir, 500 persoas máis que se suman ao operativo.

Estas brigadas -compostas por 4 persoas- realizarán labores de prevención e defensa do medio natural e das producións forestais contra os incendios defendendo a sustentabilidade e biodiversidade. Así mesmo, tamén se ocuparán -en caso necesario- da protección de bens e persoas no medio rural.

Contratación de medios aéreos

O Goberno galego tamén aprobou hoxe a contratación dun servizo de oito avións con destino á coordinación, vixilancia, prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2013, 2014 e 2015. Destes oito, 7 son avións de carga en terra para tarefas de extinción e 1 avión de vixilancia e coordinación de medios aéreos. O orzamento de licitación desta contratación ascende a máis de 3 millóns de euros.

A XUNTA DESTINA 440.000 EUROS Á MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DO PEQUENO COMERCIO CO OBXECTIVO DE IMPULSAR AS SÚAS VENDAS

- ***Economía e Industria activa un novo programa de axudas que contribúe á mellora competitiva do comercio de proximidade a través da incorporación de novas tecnoloxías***
- ***Financiarase ata o 75% do custo das actuacións, entre as cales destacan a adquisición de equipamento tecnolóxico e o comercio electrónico***
- ***No que vai de ano, o Goberno galego destinou máis de 8 millóns de euros para potenciar o comercio de proximidade e a incentivación de vendas***

A Xunta de Galicia, no seu impulso ao comercio galego como unha das actividades fundamentais para a recuperación económica, pon en marcha este ano unha nova convocatoria de axudas destinada ao pequeno comercio. O programa, do que foi informado hoxe o Consello da Xunta, está dotado con 440.000 euros e contribúe á modernización do comercio de proximidade a través da incorporación das novas tecnoloxías. O obxectivo principal céntrase no fomento do uso da Internet e a venda *on line*, que facilitará aos comercios unha mellor atención ao público co fin de incrementar as súas vendas.

Neste sentido, a liña de axudas aspira a beneficiar máis de 300 pequenos comercios e está encadrada na estratexia global do Goberno galego centrada no impulso e protección do comercio de proximidade.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria financiará o 70% das actuacións subvencionables, porcentaxe que chega ata o 75% no caso de establecementos comerciais situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e para comerciantes ambulantes. Entre as accións subvencionables destacan a mellora do equipamento tecnolóxico e a creación de páxinas web para favorecer o acceso do público ao produto a través do comercio electrónico.

As axudas outorgaranse en concorrencia competitiva e resaltan entre os criterios de avaliación o asociacionismo comercial, o desenvolvemento da venda *on line* nas páxinas web e o feito de que o solicitante sexa unha muller, co obxectivo de potenciar o autoemprego feminino no sector.

Coa publicación desta orde, o Goberno galego suma no que vai de ano máis de 8 millóns de euros para impulsar o comercio de proximidade e a incentivación de vendas. Así, nos últimos meses publicáronse diferentes programas de apoio ao sector atendendo aos distintos axentes implicados no seu desenvolvemento: concellos, asociacións e os propios comerciantes.

Nestes momentos está aberto o programa de apoio aos concellos galegos para a revitalización do comercio de proximidade, que con 4,5 millóns de euros aspira a desenvolver actuacións que incrementen a competitividade do sector a través da adecuación e modernización das rúas e zonas comerciais ou a potenciación das prazas de abastos.

Esta liña complementa a destinada ás asociacións de comerciantes, dotada con 2,2 millóns de euros para o apoio da actividade comercial como elemento dinamizador das vilas e cidades galegas, impulsando o labor desempeñado polos centros comerciais abertos (CCA) e as prazas de abastos.

Así mesmo, un terceiro programa, que suma máis de 1,2 millóns de euros, permitirá colaborar coas federacións de comerciantes e asociacións de ámbito superior ao municipal na dinamización da demanda comercial e a posta en marcha de actuacións encamiñadas á promoción das vendas.

A XUNTA MOBILIZARÁ 7 MILLÓNS DE EUROS NO IMPULSO Á INNOVACIÓN E A COMPETITIVIDADE DAS PEMES MEDIANTE O PROGRAMA INNOEMPRESA

- *As axudas alcanzan ata o 50% do investimento e apoian actuacións de mellora organizativa e de xestión, e de innovación tecnolóxica e calidade*
- *Na convocatoria terán prioridade os proxectos en zonas con plans Impulsa, que acadarán maior intensidade de axuda*
- *Tamén se priman as iniciativas en cooperación e aquelas que se comprometan á creación de emprego, especialmente nos colectivos de máis difícil acceso ao mercado laboral*

A Consellería de Economía e Industria prevé a mobilización de 7 millóns de euros no impulso á innovación nas pequenas e medianas empresas galegas mediante o programa Innoempresa, que ten por obxectivo facilitar o financiamento de proxectos empresariais orientados á mellora da competitividade a través do incremento da capacidade innovadora das pemes.

A través deste programa destinaranse máis de 3 millóns de euros a facilitar a mellora dos procesos e produtos das pemes galegas, así como á incorporación doutros cambios e melloras, con apoios que poden chegar ata o 50% do investimento subvencionable.

Estas axudas concédense en concorrencia competitiva e priman os proxectos de empresas localizadas nas provincias de Lugo e Ourense e nos concellos de Ferrolterra e da Costa da Morte, que teñen prioridade de acceso aos apoios e que acadarán maior intensidade nas axudas resultantes, ao abeiro dos respectivos plans Impulsa. Tamén se valorarán de xeito especial os proxectos de cooperación e aqueles que se comprometan á creación de emprego, especialmente nos colectivos de difícil acceso ao mercado laboral.

O programa Innoempresa, cuxo prazo de solicitudes permanecerá aberto durante un mes a partir de mañá, desenvólvese a través de tres liñas básicas de actuación: innovación organizativa e xestión avanzada; innovación tecnolóxica e calidade; e proxectos de innovación en colaboración. Estes proxectos de innovación en colaboración gozan de prioridade fronte aos proxectos individuais das pemes e acadan as máximas intensidades de axuda do programa, que na anterior convocatoria mobilizou 6,5 millóns de euros en máis de 180 proxectos dos cales se beneficiaron 266 pemes galegas.

As tres liñas do Innoempresa, impulsado polo Igape e que por primeira vez se pon en marcha en colaboración coa Axencia Galega de Innovación, están baseadas na utilización de instrumentos e procedementos de xestión xa contrastados para impulsar a promoción da competitividade das pemes mediante a innovación.

O programa enmárcase no impulso da Xunta á mellora e á innovación empresarial como eixes para a reactivación económica de Galicia, e súmanse a diferentes ferramentas como o fondo de capital risco i2C, e os programas que desenvolve a Axencia Galega de Innovación, como o Innterconecta, que permitirá na súa segunda fase a mobilización dun total de 150 millóns entre investimento público e privado.

A ALTA CAPACIDADE RESOLUTIVA DE ATENCIÓN PRIMARIA E O INCREMENTO DA ACTIVIDADE ORDINARIA DO SERGAS DESTACAN NO BALANCE DE 2012

- *Son datos do informe presentado no Consello da Xunta sobre a actividade do Sergas*
- *O aumento da capacidade resolutive de Atención Primaria conséntase coa diminución da derivación desde os centros de saúde ás consultas hospitalarias, situada por baixo do 10%*
- *En 2012 incrementouse a dispensación de xenéricos, que chegou ata o 34%, e reduciuse o número e o gasto en receitas*

A porcentaxe de derivación desde os centros de saúde ás consultas hospitalarias sitúase en 2012 por debaixo do 10%, o que constata un alto grao de capacidade resolutive deste primeiro nivel asistencial. Este é un dos indicadores da actividade asistencial do Servizo Galego de Saúde que a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez explicou no Consello da Xunta.

O aumento da resolución na Atención Primaria, así como a prescrición electrónica e as melloras realizadas nela fixeron posible reducir o número de consultas administrativas nun 21,3%. Durante o ano 2012, en Atención Primaria realizáronse un total de 24.229.781 consultas, o que supón 8.837 consultas por cada 1.000 habitantes, cifra similar á media do Sistema Nacional de Saúde.

Con respecto á hospitalización nos centros da rede do Sergas, en 2012 producíronse 228.656 episodios, un 1,22% máis que en 2011, dos cales o 74% foron urxentes. A estadia media diminuíu respecto ao ano anterior e situouse en 8,32 días. O Servizo Galego de Saúde incrementou durante 2012 a súa actividade cirúrxica; realizou un total de 176.101 intervencións nos hospitais públicos, das cales o 80% foron programadas.

A media diaria de camas funcionantes no Servizo Galego de Saúde durante 2012 foi de 6.739, cunha media diaria de camas ocupadas neste período de 5.212. Isto reflicte unha ocupación do 77,4%. A ratio de camas por cada 1.000 habitantes é de 2,83.

No eido das consultas, a implantación da xestión integrada permitiu tamén unha redución no número de pacientes pendentes dunha primeira consulta ambulatoria (34.904 pacientes menos que en 2011). Actualmente hai 150.080 cidadáns pendentes dunha primeira consulta que esperan unha media de 55,4 días, é dicir, 10,4 días menos que en 2011.

Tamén se aprecia unha estabilización no número total de urxencias atendidas, aumentan nun 2,89% as urxencias atendidas nos puntos de atención continuada e diminúen nun 4,3% as urxencias hospitalarias. Para o Servizo Galego de Saúde esta é unha nova

mostra da mellora da capacidade resolutiva do primeiro nivel asistencial e da aposta do Sergas por prestar a atención sanitaria no lugar máis próximo aos cidadáns.

Xestión eficiente en farmacia e alto impacto das TIC

No ano 2012 continuaron os programas e iniciativas de bo uso dos medicamentos, grazas aos cales se acadou unha redución no número de receitas e un incremento notable na dispensación de medicamentos xenéricos, o que fixo posible unha diminución do gasto farmacéutico.

Expedíronse un total de 60.862.969 receitas (un 8,72% menos que en 2011), das cales o 33,74% foron xenéricos (que aumentaron un 6,60% respecto do ano anterior). O gasto en receitas situouse en 2012 en 710 millóns de euros (un 14,32% menos que en 2011).

Unha das apostas do Sergas é a implantación da historia clínica electrónica e a receita electrónica, que están dispoñibles en todos centros e que os profesionais empregan cada vez máis. Grazas ao compromiso adquirido polos profesionais, avanzouse na implantación da xestión integrada e na mellora dos indicadores recollidos neste informe.

A utilización da historia clínica electrónica é do 96,4% en hospitalización (frente ao 95,7% de 2011); do 88,6% en Atención Primaria (frente ao 64,07% de 2011) e do 100% nas consultas hospitalarias (81,05% en 2011).

Estas cifras permiten que nestes momentos practicamente toda a actividade asistencial está recollida en historia clínica electrónica, de forma que calquera cidadán poida ser atendido en calquera punto da nosa rede asistencial por calquera profesional con toda a información clínica necesaria para a toma de decisións máis adecuada.

Cadro de mandos integral

Un dos obxectivos da estratexia Sergas 2014 é desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións, co obxectivo xeral de orientar os sistemas de información de cara á unha xestión integral dos problemas de saúde.

O Servizo Galego de Saúde desenvolveu un cadro de mandos integral, un sistema de información estratéxica para a toma de decisións ao cal teñen acceso os equipos directivos e os xefes de servizo. Grazas a este sistema é posible a explotación estruturada e conxunta dos datos dispoñibles, o seguimento por parte dos profesionais da súa actividade asistencial e da calidade dos servizos, e a comparación tanto entre servizos como entre centros, co fin da mellora continua. Ademais, deste sistema obtéñense os datos necesarios para elaborar o informe de actividade anual.

SANIDADE AFORRARÁ MÁIS DE 6,5 MILLÓNS DE EUROS NO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DE EQUIPAMENTO ELECTROMÉDICO

O Consello da Xunta autorizou hoxe a adxudicación do expediente de contratación do servizo de mantemento integral de equipamento electromédico nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, co cal se van aforrar máis de 6,5 millóns de euros. Isto supón un aforro superior ao 20% do gasto previsto.

Ademais, a contratista comprométese a investir máis de 2,3 millóns de euros na renovación de equipamento durante o período do contrato.

Este expediente, autorizado polo Consello da Xunta do 27 de setembro de 2012, contribúe a unha xestión rigorosa e eficiente dos recursos públicos co fin de garantir a sustentabilidade do sistema sanitario público.

O obxectivo deste expediente é regular, de forma centralizada nun único contrato, os requisitos para o mantemento do equipamento electromédico dándolle un alcance integral, nas mellores condicións económicas e técnicas, e a máxima eficiencia na xestión; de forma que se minimicen os tempos de parada e a súa incidencia sobre a actividade asistencial, optimizando a súa vida útil e as necesidades das novas adquisicións.

O importe total de adxudicación do contrato é de 25.705.698,63 euros para o período de xuño de 2013 a novembro de 2016.